



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: III Curso superior de inspección ambiental de Galicia

CONVOCATORIA: III Curso superior de inspección ambiental de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	50
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 04/03/2022 - 08:00h ao 09/03/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O III Curso superior de inspección ambiental pretende afondar no coñecemento da actividade de inspección ambiental, tanto desde unha perspectiva técnico-xurídica como desde unha perspectiva práctica. Deste xeito, pódense destacar como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Formar os asistentes no coñecemento da normativa e dos procedementos de inspección ambiental e, de maneira específica, nas actividades de prevención e control integrado da contaminación (IPPC) no campo industrial e no de residuos.
- Dotar o alumnado dos coñecementos e das habilidades necesarias para exercer as súas funcións adaptándose ás novas exigencias e cambios producidos nos últimos anos.
- Abordar o réxime de responsabilidade ambiental e de emerxencias do Plan Camgal.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do subgrupo A1 da Administración pública autonómica de Galicia, que realice funcións de inspección ambiental ou funcións relacionadas coa calidade ambiental e a avaliación ambiental que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderanse cubrir por persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do subgrupo A1 e A2 da Administración pública autonómica de Galicia, que estea en posesión da titulación universitaria en química, bioloxía, enxeñaría ou veterinaria e realice funcións relacionadas coa inspección, sempre que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.

PROGRAMA

O curso desenvolverase nas modalidades de impartición PRESENCIAL, TELEFORMACIÓN e TELEPRESENZA.

O programa-díptico do curso estará dispoñible na web da EGAP, no espazo desta actividade; no programa figura a modalidade de impartición de cada día do curso.

Os contidos deste curso están estruturados nos seguintes temas:

- Tema 1. Plans e programas de inspección ambiental.
- Tema 2. Novidades no Programa de inspección ambiental 2022.
- Tema 3. Coordinación de inspeccións en Finlandia.
- Tema 4. Novidades normativas.

Tema 5. Actas e declaracións ante os tribunais.

Tema 6. Cambios na Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación).

Tema 7. Aplicación de Mellores Técnicas Dispoñibles (MTDs) en granxas desde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), Ecogan e perspectiva ambiental.

Tema 8. Aplicación de MTDs en granxas en comunidades autónomas.

Tema 9. Desviacións ambientais en actividades IPPC.

Tema 10. Actas e inicio de expedientes sancionadores.

Tema 11. Inspeccións en vertedoiros.

Tema 12. Controis administrativos sobre a valorización de residuos.

Tema 13. Procedementos de actuación nas inspeccións ambientais.

Tema 14. Criterios para a condición de fin de residuos.

Tema 15. Novidades e información dispoñible a nivel nacional e europeo no Rexistro Europeo de Emisións e Transferencias de Contaminantes (PRTR).

Tema 16. Funcionamento e utilidades do PRTR en Galicia.

Tema 17. Metodoloxía das inspeccións de traslados transfronteirizos de residuos.

Tema 18. Situación actual e controis da garantía financeira obrigatoria derivada da Lei de responsabilidade ambiental.

Tema 19. Cartografía do Plan Camgal.

Tema 20. Papel da inspección no Plan Camgal.

Tema 21. Grupo de intervención en emerxencias ambientais de Galicia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo aos criterios indicados na base cuarta da convocatoria. A orde de admisión virá determinada pola data e hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

- As solicitudes de participación nesta actividade formativa só se poderán realizar mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

- Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos nas bases cuarta e oitava desta convocatoria.

- As persoas interesadas deberán seleccionar primeira a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en nome do curso: III Curso superior de inspección ambiental de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTA

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/03/2022 a 10/06/2022

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JOSE FRANCISCO ALONSO PICON

Manuel Salgado Blanco

Vesivalo Jaakko Matias

Romano Ruggeri

Pedro Gonçalves Figueiredo Santana

Carmen Herreras Martinez

ODON JULIAN SOBRINO ABUJA

ADANTIA SL

MARIA OLGA FRAILE PAREDES

Albert Avellaneda Bargués

BEATRIZ RODRIGUEZ MENDEZ

Laura Roel Mosquera

Iván Marante Rodríguez

Alicia López Leal

Braulio José Belmonte Marín

Enric Elias Cao

agustin diaz alonso

ISAAC SANCHEZ NAVARRO

Pedro Montero Vilar

elena bronchalo gonzlez

Garbiñe Ayensa Aguirre

JOSE ANTONIO ARGIBAY FERNANDEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 14 de marzo de 11:00 a 14:30. O día 04 de abril de 10:00 a 14:00. O día 09 de maio de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 11: O día 14 de marzo de 10:00 a 14:00. O día 18 de abril de 10:00 a 14:00. O día 09 de maio de 10:00 a 14:00. O día 10 de xuño de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO A: O día 04 de abril de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sala telepresenza: Os días 18 e 21 de marzo de 12:00 a 14:00. O día 25 de abril de 12:00 a 14:00. O día 29 de abril de 13:00 a 14:00. Os días 13 e 23 de maio de 12:00 a 14:00. O día 03 de xuño de 13:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 25 de marzo de 12:00 a 14:00. Os días 08 e 22 de abril de 12:00 a 14:00. O día 06 de xuño de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>